

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO
DE GOBERNO A EXECUTAR ACTUACIÓNS
CONCRETAS PARA A SUBSTITUCIÓN DA REDE DE
TUBAXE DE FIBROCEMENTO DA REDE DE
ABASTECIMENTO DE AUGA NO CONCELLO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de decembro, día de Noiteboa, cunha gran afluencia de xente na cidade, unha gran parte da poboación de Monforte, por non dicir case toda, espertaba sen auga nas súas casas e negocios. A medida que pasaban as horas, a auga se restablecía nalgunhas vivendas e locais pero en moitos sitios estiveron sen ela o día enteiro.

O centro da cidade, levouse a peor parte, por ser a zona onde máis horas pasaron sen auga e, quizais, onde houbo maior dano económico tendo en conta a cantidade de negocios que hai nesta zona.

Xusto por estas datas, se cumpre un ano dun anuncio máis do alcalde de investimentos millonarios para o abastecemento da

cidade, que moito nos temíamos nese momento que fose un acto de propaganda máis, e polo que vemos, transcorrido un ano, o tempo nos da a razón.

En concreto houbo unha nota de prensa emitida polo Concello o día 19 de decembro, rolda de prensa incluída, que dicía “O alcalde consegue un investimento de 10 millóns de euros para substituír todas as tubaxes de fibrocemento da rede de abastecemento da auga do Concello”. Meses despois confesaba nun pleno que ía ser complicada a súa execución. A voceira deste grupo foi acusada pola tenente de alcalde do Concello no derradeiro pleno de “mentirosa”, pero sen dubida, quen lle minte aos veciños con estes titulares é o alcalde e o seu equipo de goberno.

Dadas as circunstancias de que o problema empeora e os investimentos millonarios anunciados para arranxalo non chegan, presentamos a seguinte proposta de acordo para súa aprobación no pleno da corporación municipal:

- O pleno da corporación municipal insta ao equipo de goberno a levar a cabo actuacións concretas de investimentos e execución de obras antes de finalizar o mandato para a substitución de tubaxes da rede de abastecemento de auga do Concello.